

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 24 DE MARZO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de marzo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de Marzo do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito

que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 25/04/2007/2123-AC/136

A SECUNDINO YAÑEZ FERNANDEZ, na representación de Autoestampaciones Galicia S.A.U., con domicilio a efectos de notificación na rúa Portal de Vergara nº 42 (Estampaciones Rubi), Apartado 300 Vitoria (Alava), para levar a cabo as obras de execución de nave industrial para empresa de estampaciones nas parcelas do parque empresarial de Ribadavia (San Cristovo), parcelas 27,28,29,30,31,32,33,34,35,36,37 e 38 da II Fase, que se realizará segundo o proxecto de Execución e anexos redactado pola Enxeñería Eptisa, asinada pola enxeñeira industrial Dona Maria B. Garcia Varela, con visado de data 27.06.07.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Execución de nave industrial.

Contía na que se orzan as obras: 2.193.166,54 euros.

Situación e emprazamento das obras: Parcelas 27,28,29,30,31,32,33,34,35,36,37 e 38 da II Fase do Parque Empresarial de San Cristovo.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: D. Carlos Garriga Domínguez.

Nome ou razón social do promotor: Galicia Autoestampación S.A.U..

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licencia de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 2.193.166,54 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 57.022,33 euros.

Outras condicións: A Dirección Facultativa das Obras correrá a cargo do arquitecto D. Martín Dávila Ferreira e, a Dirección da Execución Material das Obras e a coordinación en materia de Seguridade e Saúde, a cargo do arquitecto técnico D. Martín Dávila Ferreira.

Consta estudo xeotécnico para construción de nave industrial.

Depositará un aval por importe de 5.484 euros para responder das posibles incidencias coas obras de urbanización e conexións coa redes públicas.

CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Secundino Yañez Fernández**, na representación de Autoestampaciones Galicia S.A.U., con domicilio a efectos de notificación na rúa Portal de Vergara nº 42 (Estampaciones Rubi), Apartado 300 Vitoria (Alava), no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a nave industrial adicada a autoestampacions nas parcelas núm. 27,28,29,30,31,32,33,34,35,36,37 e 38 da II Fase do Parque Empresarial de San Cristovo.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 26 de decembro de 2007, informa a actividade como MOLESTA, e dende o punto de vista mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: a) comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruidos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 de 22-04-98), Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97), Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E. nº 43, de data 19-02-02); Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico de produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05); c) se xestionen adecuadamente os residuos perigosos; d) Se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; f) Se xestionen adecuadamente os residuos de construción e/ou demolición ; g) a obtención da autorización de verquido municipal para os verquidos industriais realizados ó alcantarillado e h) a aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a

este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal, para o cál presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas”.

Unha vez finalizadas as obras da nave industrial e recepcionadas as obras de urbanización solicitarase a licenza de funcionamento ou primeira ocupación, debendo aportar a seguinte documentación:

a. Resolución “Instalación de Electricidad Media Tensión”.

Informe Técnico de 9/7/2007, punto 5.

b. Ruidos, según Informe Técnico de 07/05/2007, RE Nº 2285, punto 4.2.

c. Residuos Industriais, según Decreto 298/2000, de 7 de decembro.

Informe Técnico de 07/05/2007, RE Nº 2285, punto 4.3.

d. Control de vertidos de augas residuais, según Informe Técnico de 07/05/2007, RE Nº 2285, punto 4.3.”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CUALIFICACIÓN PROVISIONAL

“Vista a solicitude de **D Tomás Meiriño Mosquera.**, con domicilio na rúa Extramuros,58(56) Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Extramuros ,58(56), o Alcalde de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

Escrito remitido polo Ministerio de Medio Ambiente, polo que se comunica a resolución do Expediente de autorización de vertido de augas residuais dos Núcleos de Ribadavia, Sampaio, Valdepereira, San Cristobal, seixo-Chabolas, Quinza, Sanin, Franqueirán, Prexigueiro-Concello de ribadavia.

Escrito remitido por Gestima S.L. , polo que se pon en coñecemento deste Concello a modificación no punto 2, do Informe sobre o Resultado Económico Acumulado

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION, SE PROCEDE, DA CERTIFICACIÓN NUM. 1 DA OBRA DENOMINADA “ ELIMINACION DE RECHEOS DE TERRAZAS EXTERIORES E ALJIBE DO CASTELO DOS SARMIENTOS”.-

CERTIFICACION DE OBRA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura e Certificación Ordinaria núm. 1 da obra denominada “ Eliminación de recheos de terrazas exteriores e aljibe do Castelo dos Sarmientos”, por importe de 200.000 euros.”

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse á Resolución da Secretaria Xeral de Emigración de 5 de marzo de 2008 pola que se convoca e regula a concesión en réxime de concurrencia competitiva, de subvencións a Concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega, solicitando subvención por importe de 20.450 euros, segundo a memoria que se acha no expediente”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primerio.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

- SOGAMA. Tratamento de R.S.U. na Mancomunidade do Ribeiro, do mes de marzo de 2007, segundo factura número 2007/ 889, por importe de 9880,23 euros.
- CONGALLE. Servizo de recollida de R.S.U. do mes de setembro 2007, segundo factura número 2007/1270, por importe de 7054,47 euros.
- MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE CARBALLIÑO, RIBADAVIA, LEIRO E BOBORAS. Aportación municipal ano 2007 a Mancomunidade Turística, por importe de 6.000 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2008, por importe de 227.481,54 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 1 de Abril e o 5 de Xuño de 2008.”

CORRECCION DE ERRO.-

Habéndose advertido un erro na Xunta de Goberno Local de data 11 de febreiro pasado, a Xunta de Goberno Local, acorda rectifica-lo quedando o acordo do seguinte xeito: “ A Xunta de Goberno local, por unanimidade, presta aprobación a factura e Certificación nº 3 da obra 583 POL/06 “ Melloras do saneamento en núcleos de Esposende, San Paio, A Quinza e outros” correspondente ao mes de xaneiro de 2008 , Plan Operativo Local 2006 , remitida pola Empresa Contratista AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A., por importe de 51.769,59 €coa seguinte distribución:

- Estado.....2.143,25€
- Diputación(banco).....1.1718,74€
- Concello.....11.674,07€
- FEDER/MAP.....5.000,94€
- FEDER/A.L.....31.232,59€”

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2007.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2007, por importe de 39.748,92 euros, tarifa de depuración por importe de 7.664,04 euros, máis 3.324,77 euros de IVE, resultando un total de 50.737,73 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2007, por importe de 17.912,99 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 14.224,35 euros.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO